



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Economía e Empresa		Código	760G01007
Titulación	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos (Ferrol)			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Economía			
Coordinación	Agullo Leal, Fernando	Correo electrónico	fernando.agullo@udc.es	
Profesorado	Agullo Leal, Fernando Lopez Martinez, Ivan	Correo electrónico	fernando.agullo@udc.es ivan.lopezm@udc.es	
Web	fagullo.info			
Descrición xeral	<p>A asignatura de Economía e Empresa intégrase no plan de estudos da titulación no 1º curso como materia básica. En canto á justificación de esta asignatura podese dicir que posto que as relacións laborais prodúcense normalmente no seno das empresas, é imprescindible para un especialista neste campo, posuir unhas nocións de Economía xeneral, facendo especial fincapié na análise da toma de decisións na empresa (o mercado: oferta e demanda, o consumo, a produción, os custes da produción, os ingresos e o beneficio, etc) e, por suposto, no factor traballo, no precio: o salario e na problemática do mercado laboral.</p> <p>A asignatura abrangue tanto a dimensión interna da empresa como das relacións coa súa contorna externa. Malia que pola súa natureza, esta materia ten un contido abstracto, integra, con todo, múltiples aspectos relacionados coa realidade social e os problemas de actualidade, aos que nos é moi difícil non ter que buscarlles unha interpretación ou unha explicación. A parte da análise técnica, imprescindible para o coñecemento do funcionamento dunhas empresas e en xeral dunhas economías cada vez máis complexas e globalizadas no seu funcionamento, preténdese que os alumnos desenvolvan actitudes éticas e críticas fronte ao papel da empresa na sociedade, recoñecer o función social da empresa ao ser quen contrata e remunera aos factores productivos, entre eles, o máis importantemente socialmente, o traballo. Polo que concederáselle tanta relevancia ao análise puramente económico e instrumental como aos aspectos sociais.</p> <p>A Integración desta asignatura no plan de estudos queda plenamente xustificada porque:</p> <ol style="list-style-type: none"><li>1. Responde á necesidade dun coñecemento máis técnico, desde o punto de vista económico, do ámbito das Relacións Laborais, á vez que se require dar resposta a problemas tan ineludibles como é paro, o funcionamento dos mercados, a toma de decisión das empresas na procura dos seus obxectivos, o funcionamento das economías nacionais nun mundo globalizado, o crecemento e o desenvolvemento económico, etc.</li><li>2. Responde á letra e ao espírito da Lei de Reforma Universitaria cando considera que a universidade ha de servir para xerar coñecemento pero, ademais, debe transmitir ou transferir ese coñecemento á sociedade que a sustenta.</li></ol>			



<p><b>Plan de continxencia</b></p>	<p>1. Modificacións nos contidos Non se realizarán cambios</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Obradoiros Proba obxetiva</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican Sesión maxístral: os seus contidos se levarán a cabo dentro dos obradoiros. Proba obxetiva: se realizará unha proba obxetiva final. Se calificará como se indica na guía da materia e <b>NON SERÁ OBRIGATORIA PARA APROBAR A ASIGNATURA.</b> Obradoiros: para os obradoiros pendentes de avaliar será preciso entregar unha memoria con todas as prácticas, actividade e demais producións propostas polo profesor para cada un dos temas dos que aínda non se fixo obradoiro de control presencial. As tarefas a realizar polo alumno estarán disponibles en Moodle. Para a súa calificación terase en conta:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. execución correcta</li> <li>2. axeitada metodoloxía</li> <li>3. profundidade de contidos</li> <li>4. linguaxe propio do contexto económico</li> <li>5. utilización de fontes complementarias e actuais</li> <li>6. presentación e entrega en tempo establecidos</li> <li>7. claridade na exposición</li> <li>8. sólida defensa dos argumentos empregados</li> </ol> <p><b>A SÚA ENTREGA SERÁ OBRIGATORIA PARA APROBAR A ASIGNATURA.</b></p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Correo electrónico (fernando.agullo@udc.es): diariamente ou cando o precise o alumno. Teléfono (981 337400- 3589, desviado al teléfono particular del profesor): cando o precise o alumno, previa cita por correo-e. Moodle: segundo as necesidades dos alumnos en función da evolución temporal dos contidos. Teams: nos horarios establecidos polo centro parra a materia e nos cursos creados pola udc, sempre que esta dote dos medios que se precisan.</p> <p>4. Modificacións na avaliación Non se realizan cambios, agas os indicados nas metodoloxías modificadas do apartada 2. Polo que a ponderación seguirá sendo a mesma.</p> <p>*Observacións de avaliación: As que figuran na guía docente da materia, agás no referente ás modificacións nas metodoloxías establecidas neste plan de continxencia e a súa repercusión cualitativa na avaliación.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non se realizan cambios.</p>
------------------------------------	--

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A6	Economía e mercado de traballo.



A10	Organización e dirección de empresas.
A13	Transmitir e comunicarse por escrito e oralmente usando a terminoloxía e as técnicas adecuadas.
A14	Seleccionar e xestionar información e documentación laboral.
A16	Asesorar e/ou xestionar en materia de emprego e contratación laboral.
A18	Interpretar datos e indicadores socioeconómicos.
A19	Identificar as fontes de información económica e o seu contido.
A20	Realizar funcións de representación e negociación en diferentes ámbitos das relacións laborais.
A21	Realizar análises e diagnósticos, prestar apoio e tomar decisións en materia de estrutura organizativa, organización do traballo, estudo de métodos e estudo de tempos de traballo.
A26	Aplicar técnicas cuantitativas e cualitativas de investigación social ao ámbito laboral.
A27	Asesoramento a organizacións sindicais e empresariais, e aos seus afiliados.
A29	Elaborar, implementar e avaliar estratexias territoriais de promoción socioeconómica e inserción laboral.
A31	Aplicar os coñecementos á práctica.
A32	Comprender a relación entre procesos sociais e a dinámica das relacións laborais.
A35	Análise crítico das decisións emanadas dos axentes que participan nas relacións laborais.
B1	Resolución de problemas.
B2	Capacidade de análise e síntese.
B3	Capacidade de organización e planificación.
B4	Capacidade de xestión da información.
B5	Toma de decisións.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B8	Razoamento crítico.
B9	Traballo en equipos.
B12	Motivación para a calidade.
B14	Aprendizaxe autónomo.
B17	Sensibilidade cara a temas medioambientais.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título



Coñecer a metodoloxía da análise económica e familiarizarse coa forma de efectuar as súas razóns.	A6	B1	C3
	A10	B2	C4
Coñecer e saber aplica-las diferentes ferramentas de análise económica na interpretación do comportamento do consumidor no mercado e na súa toma de decisións. Coñecer e saber aplica-las diferentes ferramentas de análise económica na interpretación do comportamento das empresas no mercado proveedor, entendendo o proceso de formación de custos e a toma de decisións para acadar os seus obxetivos.	A13	B3	C5
	A14	B4	C6
	A16	B5	C7
	A18	B6	C8
Coñecer as características do mercado no que opera a empresa, condicioantes da súa capacidade, autonomía e flexibilidade na toma de decisións.	A19	B8	
	A20	B9	
	A21	B12	
Comprender como a toma de decisións vai condicionar os resultados da empresa.	A26	B14	
Adquirir as competencias que permitan atopar a interpretación correcta dos indicadores de uso frecuente no eido empresarial e laboral.	A27	B17	
	A29		
	A31		
	A32		
	A35		

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. O mercado e o consumidor.	<p>1. O mercado e o consumidor.</p> <p>1.1 O concepto de utilidade e a utilidade marxinal decreciente.</p> <p>1.1.1 Concepto de utilidade.</p> <p>1.1.2 A Lei da utilidade marxinal decrecente.</p> <p>1.2 O equilibrio do consumidor.</p> <p>1.3 Aplicación do concepto de utilidade.</p> <p>1.3.1 Obtención de unha curva de demanda individual.</p> <p>1.3.2 O excedente do consumidor.</p> <p>1.3.2 A paradoxa da auga e os diamantes.</p> <p>1.4 Concepto e características das curvas de indiferenza.</p> <p>1.4.1 Concepto de curva de indiferenza.</p> <p>1.4.2 Características das curvas de indiferenza.</p> <p>1.4.3 A Relación Marxinal de Sustitución (RMS).</p> <p>1.5 A recta de balance. O equilibrio para o consumidor.</p> <p>1.5.1 Espazo de presuposto e recta de balance.</p> <p>1.5.2 O equilibrio do consumidor.</p> <p>1.6 Aplicacións das curvas de indiferenza.</p> <p>1.6.1 A curva renta-consumo.</p> <p>1.6.2 A curva prezo-consumo.</p> <p>1.6.3 O efecto renta e o efecto substitución.</p> <p>Lecturas:</p> <p>Blanco, J. y Aznar, J. Introducción a la Economía. Cap 4.</p> <p>Mochón, F. Principios de Economía. Cap 3.</p> <p>Mochón, F. Economía. Teoría y Política. Cap. 6.</p> <p>Lipsey, R. Economía Positiva. Cap 15.</p> <p>Bílas, R. Teoría Microeconómica. Cap 3y 4.</p>



Tema 2. A produción e os seus custos.

2. A produción e os seus custos.

2.1 O concepto de produción.

2.1.1 A función de produción.

2.1.2 Os periodos de decisión da empresa.

2.2 A produtividade e os rendementos na produción.

2.2.1 O concepto de produtividade.

2.2.2 Os rendementos e as fases da produción.

2.3 Concepto e clasificación dos custos.

2.3.1 Definición de custo.

2.3.2 Clasificación dos custos.

2.3.3 Cuantificación dos custos.

2.4 Relación entre os custos da produción e os rendementos.

2.4.1 Custos fixos, variables e totais.

2.4.2 Custos medios, marxinais e totais.

2.4.3 As relacións entre os custos e a súa representación gráfica.

2.5 Os custos a longo prazo.

2.5.1 Características da curva de costes medios a longo prazo.

2.5.2 As economías de escala e a dimensión óptima da empresa.

Lecturas:

-Blanco, J. y Aznar, J. Introducción a la Economía. Cap 5.

-Mochón, F. Principios de Economía. Cap 4.

-Mochón, F. Economía. Teoría y Política. Cap.6 y 7.

-Lipsey, R. Economía Positiva. Cap 18.

-Bilas, R. Teoría Microeconómica. Cap 6 y 7



Tema 3. A empresa no mercado, situacións de beneficios e perdas.

- 3.1 La competencia perfecta.
  - 1. Supostos conceptuais da competencia perfecta.
    - 1.1 Caracterización do mercado.
    - 1.2 Obxectivo das empresa.
  - 2. Os ingresos: concepto e clasificación.
    - 2.1 Concepto de ingreso.
    - 2.2 Clasificación.
    - 2.3 Representación gráfica dos ingresos.
  - 3. Situacións da empresa no curto prazo.
    - 3.1 Regras para acadar os máximos beneficios.
    - 3.2 Posicións de equilibrio.
    - 3.3 Obtención da curva de oferta dunha empresa.
  - 4. A competencia perfecta a longo prazo.
  
- 3.2 O mercado de monopolio
  - 1. Supostos conceptuais do monopolio.
    - 1.1 Características do mercado.
    - 1.2 Obxectivo das empresas.
    - 1.3 Consecuencias do monopolio sobre os ingresos da empresa.
  - 2. Situacións de equilibrio para a empresa monopolista.
    - 2.1 Regras para acada-lo maximo beneficio.
    - 2.2 Situacións de beneficio ou perdas.
  - 3. Posibilidades de actuación do monopolista: a dscriminación de prezos.
  - 4. O monopolio en comparación coa competencia perfecta.
    - 4.1 O custo social do monopolio.
    - 4.2 Formas de regula-lo monopolio.
  
- Lecturas:
  - Blanco, J. y Aznar, J. Introducción a la Economía. Cap 6 y 7.
  - Mochón, F. Principios de Economía. Cap 5 y 6.
  - Mochón, F. Economía. Teoría y Política. Cap.8 y 9.
  - Lipsey, R. Economía Positiva. Cap 20 y 21.
  - Bilas, R. Teoría Microeconómica. Cap 8 y 9.

## Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Obradoiro	A6 A10 A14 A16 A18 A19 A20 A21 A26 A27 A31 A32 A35 B1 B5 B6 B8 B9 C3 C4 C5 C6 C7 C8	20	22	42
Sesión maxistral	A6 A10 A18 A26 A29 A31 B8 B9 B12 B14 B17 C7	42	62	104
Proba obxectiva	A6 A13 A18 B2 B3 B4	3.5	0	3.5
Atención personalizada		0.5	0	0.5

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro	<p>Modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes na que se poden combinar diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, etc) a través da que o alumnado desenvolve tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, co apoio e supervisión do profesorado.</p> <p>Se realizarán prácticas dos contidos da asignatura. Dentro dos métodos existentes para facer prácticas dos contidos teóricos estudados utilizaremos o de probas de ensaio ou resposta libre coa posibilidade de ser complementados con probas de tipo test. A aplicación deste método implica a formulación dunha ou varias cuestións, que el alumno deberá desenvolver. O profesor utilizará como principios do procedemento de corrección:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- A precisión na resposta.</li> <li>- A utilización de representacións gráficas como medio de expresión dos razonamentos.</li> <li>- A identificación dos conceptos e relacións relevantes.</li> <li>-Xerarquizar a súa importancia.</li> </ul>
Sesión maxistral	<p>É a información ou desenvolvemento de contidos que incide sobre o nivel de coñecementos do alumno e que serven de punto de partida para a consolidación das aprendizaxes.</p> <p>A lección maxistral consiste na exposición oral e sistematizada por parte do profesor, cō fin de transmitir certos coñecementos ao alumno. É un recurso didáctico que permite ao profesor transmitir con precisión os conceptos mais importantes da materia, e debera polo xeral, reflectir coñecementos que lles sería difícil de atopar aos alumnos por outros medios.</p> <p>A lección maxistral servirá fundamentalmente para transmiti-los contidos do programa dunha forma sistematizada e respetando unha orde expositiva que teña en conta os aspectos seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Exposición dun marco global inicial que permita centra-lo tema.</li> <li>- Análise dos aspectos principais que integran o tema.</li> <li>- Síntese integradora do exposto.</li> <li>- Fixación breve e sinóptica do tema.</li> </ul> <p>Será empregada principalmente ao inicio dos contidos teóricos pois estes requiren dunha presentación global, sintética e con rigor científico e claridade expositiva.</p>
Proba obxectiva	<p>Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe, cuxo trazo distintivo é a posibilidade de determinar se as respostas dadas son ou non correctas. Constitúe un instrumento de medida, elaborado rigorosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia, etc. É de aplicación tanto para a avaliación diagnóstica, formativa como sumativa.</p> <p>A Proba obxectiva pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén se pode construír con un só tipo dalgunha destas preguntas.</p>

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro Proba obxectiva Sesión maxistral	<p>Para un mellor rendemento na aprendizaxe e realización dos obradoiros e outros traballos é importante consultar co profesor os avances que se vaian realizando progresivamente para ofrecer as orientacións necesarias en cada caso e así asegurar a calidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Esta recomendación está especialmente indicada no caso de estudantes con dedicación ao estudo a tempo parcial.</p>

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación



Obradoiro	A6 A10 A14 A16 A18 A19 A20 A21 A26 A27 A31 A32 A35 B1 B5 B6 B8 B9 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Propoñeranse a realización de prácticas, lecturas e análise de documentos, exposicións, etc., nalgún caso poderán facerse en grupo, procurando así unha aprendizaxe colaborativa entre os membros do grupo, e noutros teranse que facer individualmente.  Para calificar as tarefas dos obradoiros fánanse &quot;obradoiros de control&quot; .	80
Proba obxectiva	A6 A13 A18 B2 B3 B4	Farase unha proba obxectiva nas datas establecidas para exame final da asignatura que englobará os contidos da materia.  A proba será un cuestionario de preguntas tipo test ou preguntas abertas ou ambas. O test será de resposta pechada con catro alternativas, soio unha certa, e os erros restarán ¼ do valor dun acerto. As preguntas de resposta aberta poderán ser unha breve explicación, un resumo, unha representación e interpretación de gráficas, a resolución de problemas, etc.	20
Outros			

### Observacións avaliación

A proba obxectiva formularase en castelán e se poderá responder e calquera das linguas oficiais da UDC. En caso de desexala en galego, deberá indicarllo ao profesor una semana antes da súa realización.

Os estudantes con matrícula en réxime de estudo a tempo parcial e dispensa académica, aos que se lles recomenda seguir un plan de tutorías personalizado, terán o mesmo sistema de avaliación que os estudantes a tempo completo.

Cada unha das entregas e probas serán calificadas sobre dez para facilitar a súa comprensión. Acalificación final (CF) de APTO acadarase con 5 puntos, e será o resultado da seguinte operación:

$$CF = (\text{Nota dos obradoiros} \times 0,80) + (\text{Nota da proba obxectiva final} \times 0,20).$$

A proba obxectiva NON SERÁ OBRIGATORIA PARA APROBAR A ASIGNATURA. Se non se realiza, o alumno será calificado exclusivamente coa nota dos obradoiros ponderada. No caso de realizar a proba obxectiva e non acadar o 4,5, como mínimo, o alumno será calificado exclusivamente coa nota de dita proba obxectiva, sen engadir a calificación dos obradoiros e sen poderar.

Os obradoiros SERÁN OBRIGATORIOS PARA APROBAR A ASIGNATURA. Se non se realiza a proba obxectiva, a calificación será: NON PRESENTADO.

Os estudantes a tempo parcial que, con dispensa académica, non asistan as sesións presenciais poderán realizar os obradoiros de control como os alumnos con matrícula ordinaria, a tempo completo.

As calificacións das diferentes metodoloxías de avaliación da primeira oportunidade da convocatoria se manterán para a segunda oportunidade, na que se deberán cumprir os mesmos requisitos que se establecen para a primeira oportunidade.

### Fontes de información

#### Bibliografía básica

- AGULLÓ LEAL, FERNANDO L. (2017). Curso de Economía y empresa. . <https://moodle.udc.es/course/view.php?id=46287>
- KRUGMAN, P. (2015). Fundamentos de Economía. Madrid: Reverte
- LÓPEZ TORRES, JUAN (2012). Introducción a la Economía. Madrid: Pirámide
- BLANCO, JUAN y AZNAR, JUANA (2004). Introducción a la Economía. McGraw-Hill, Madrid.





<b>Bibliografía complementaria</b>	<p>-Mochón Morcillo, Francisco. Principios de Economía. Editorial: McGraw-Hill.-Mochón Morcillo, Francisco. Economía Teoría y Política. Editorial: McGraw-Hill.-Lipsey, Richard G.. Introducción a -Fisher, Stanley y otros. Economía. Editorial: McGraw-Hill.-Castro, Antonio y otro. Introducción a -Bilas, Richard. Teoría Microeconómica. Editorial: Alianza Editorial.-Brandson, William. Teoría y Política Macroeconómica. Editorial: Fondo de Cultura Económica.-Samuelson, Paul. Economía. Editorial: McGraw-Hill.-Varias autores. Enciclopedia Práctica de Economía. Editorial: Ediciones Orbis.-Cuervo-Arango Martínez, Carlos y otro. Introducción a Editorial: McGraw-Hill.-Alonso, A. y Bouso, P. Introducción Práctica a -Duarte, A. y otros. Curso Elemental de Micro y Macroeconomía. Editorial: Cívitas.-Varian, Hall R. Microeconomía Intermedia. Editorial: Antoni Bosch.-Méndez Morales, José S. Economía y la empresa. Editorial: McGraw-Hill.-Wonnacott P. y Wonnacott, R. Economía. Editorial: McGraw-Hill.-Blanco Ramos, Ignacio. Economía. Editorial: Everest.-Mochon Morcillo, Francisco. Economía Básica. Editorial: McGraw-Hill.-Ochando Claramunt, Carlos y otros. Elementos Básicos de Economía. Editorial: Tirant Lo Blanch.-Febrero, Ramón y otros. Qué es -Baldwin, Carlos y otro. Introducción General a -Burningham, David y otros. Economía. Editorial: Pirámide.-O'kean, José María. Análisis del entorno económico de los negocios. Una introducción a la macroeconomía. Editorial: McGraw-Hill.-Alba, Alfonso y otros. Economía, Teoría y Política. Libro de problemas. Editorial: McGraw-Hill.-Tugores, Jorge y otros. Introducción a -Lipsey, Richard G. Prácticas de Economía Positiva. Editorial: Vicens-Vives.-Gimeno, Juan A. y otro. Introducción a Editorial: McGraw-Hill.-Jiménez Aguilera Juan y otro. Cuestiones y ejercicios de Teoría Económica. Editorial: Pirámide.-Escribá, F. Javier y otros. Introducción Práctica a Editorial: McGraw-Hill.</p>
------------------------------------	---

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

### Materias que continúan o temario

## Observacións

Non é imprescindible ter coñecementos previos sobre temas económicos, aínda que os alumnos procedentes do bacharelato de CC Sociais disporán dunha formación previa que lles permitirá facer un menor esforzo porque xa estarán algo acostumados a metodoloxía empregada nas análise económicas e a súa terminoloxía ao ter cursado Economía e Economía e organización de empresas. Para un mellor rendimento na aprendizaxe é importante facer titorías grupais e individuais. Esta recomendación está especialmente indicada no caso de estudantes con dedicación ao estudo a tempo parcial. Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir co obxectivo da acción número 5: "Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social" do "Plan de Acción Green Campus Ferrol" nesta materia deberán terse en conta as seguintes recomendacións: 1.- A entrega dos documentos producidos farase en formato dixital ou soporte informático, a través do correo electrónico, sen necesidade de imprimilos, excepto no caso que se indica no punto 2 (seguinte). 2.- Se o alumno ten a dispensa que contempla a UDC para non asistir as sesións presenciais, as producións requiridas para a súa avaliación se farán todas agrupadas nunha única entrega en papel. Para facer un uso sustentable dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural, se fara a dobre cara, dúas páxinas por folla e sen plásticos. 3.- Nesta materia traballarase para incorporar a perspectiva de xénero e identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influir na contorna para fomentar valores de igualdade. 4.- Tamén facilitarase a plena integración do alumnado que por razóns físicas, sensoriais, ou psíquicas, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria, adaptando para elo, previa solicitude do alumno, a metodoloxía de ensinanza-aprendizaxe e a avaliación a cada caso particular. Coa finalidade de mellorar o sistema de garantía interna de calidade do noso centro, sería convinte que o alumnado atendese á solicitude realizada pola UDC, con periodicidade cuadrimestral, respecto a participar no proceso de avaliación das materias cursadas? e cuxa chamada realiza baixo o nome de ?AVALÍA? consistindo en responder as enquisas que avalían a docencia do profesorado en cada materia

(\* ) A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías

